



Infonadal 2025

Actividades formativas en consumo responsable para educación infantil e primaria

A través da personaxe Árbore de Nadal, a Escola Galega de Consumo propón actividades adaptadas a cada idade e dirixidas a potenciar o consumo responsable e sustentable así como o coñecemento sobre etiquetaxe e seguridade dos produtos.

Información: 981 999 093

Solicitudes: igc.escuela@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA



INFONADAL CONSUMO 2025

Un ano máis, coa chegada do nadal, a Xunta de Galicia a través da Escola Galega de Consumo (EGC) adscrita ao Instituto Galego de Consumo e da Competencia (IGCC), oferta unha nova edición do Programa Infonadal 2025, que leva por título "[A árbore do nadal](#)"

Esta campaña desenvolverase **entre os días 24 de novembro e 19 de decembro** deste ano **2025** e estará a dispor de toda a comunidade educativa.

Persoas destinatarias: ➡ [nenos e nenas de 3 a 12 anos](#)

Obxectivos:

- Iniciar a formación de persoas consumidoras informadas, conscientes e responsables.
- Dar a coñecer a importancia da etiquetaxe dos produtos .
- Explicar os mecanismos de control da seguridade dos produtos.
- Divulgar a labor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

ACTIVIDADE A REALIZAR:

➡ [Nenos e nenas de 3 a 5 anos](#)

Duración: 50 minutos.

Primeira parte: Relato dun conto (apoiado cunha presentación en power point) titulado [A árbore do nadal](#)

A árbore do nadal ten moito traballo estes días e por iso quere procurar a axuda de toda a rapazada. Primeiro para contarlles o importante que é o consumo responsable para o coidado do planeta e, en especial, a preservación da natureza e das súas irmáns árbores e, por outra banda, quere contarlles a gran tarefa que supón revisar que todos os agasallos que deixan ao seu pé sexan seguros e estean ben etiquetados, polo que precisa de axuda e colaboración.

Segunda parte:

- Identificar o marcado CE e o símbolo de seguridade 0-3 e de reciclaxe na etiquetaxe de xoguetes (levaranse 5 ou 6 unidades de mostra para compartir en grupos).
- Os nenos e nenas decorarán unha árbore do nadal de cartón como recordo da charla e de todo o aprendido.



Nenos e nenas de 6 a 8 anos

Duración: 50 minutos.

Primeira parte: Desenvolvemento dunha charla participativa na que os nenos e nenas reflexionarán sobre a etiquetaxe dos produtos, o control do mercado, a publicidade e o consumo responsable sustentable.

Segunda parte: Xogaremos coa árbore do nadal. Poñeremos a disposición da rapazada unha árbore do nadal de pano que levará incorporada 12 probas identificadas a través de números. A clase dividirase en 2 ou 3 grupos que competirán para coñecer quen poñerá a estrela na árbore do nadal a partir dos seus coñecementos e habilidades relacionadas co consumo responsable e adaptadas ao seu nivel. Finalmente, todos resultarán gañadores e gañadoras e se impulsará os valores de compartir e traballar en equipo.



Nenos e nenas de 8 a 12 anos

Duración: 50 minutos.

Primeira parte: Desenvolvemento dunha charla participativa na que os nenos e nenas reflexionarán sobre a etiquetaxe dos produtos, o control do mercado, a publicidade e o consumo responsable sustentable.

Segunda parte: Xogaremos coa árbore do nadal. Poñeremos a disposición da rapazada unha árbore do nadal de pano que levará incorporada 12 probas identificadas a través de números. A clase dividirase en 2 ou 3 grupos que competirán para coñecer quen poñerá a estrela na árbore do nadal a partir dos seus coñecementos e habilidades relacionadas co consumo responsable e adaptadas ao seu nivel. Finalmente, todos resultarán gañadores e gañadoras e se impulsará os valores de compartir e traballar en equipo.

INSCRICIÓN:

Para formar parte desta campaña de INFONADAL 2024 e desenvolver algunha ou algunhas das actividades propostas, deberase cumprimentar a folia de inscrición que se xunta coa presente e remitila ao correo electrónico igc.escuela@xunta.gal. As peticións atenderanse por orde cronolóxico de recepción ata completar o calendario.

Para calquera información adicional ou para calquera dúbida pode chamar ao teléfono **881 999 093**.

Reciba un cordial saúdo.

